


Lugo

Análise socioeconómica



Gabinete Técnico confederal.

LUGO

ANÁLISE SOCIOECONÓMICA

Poboación

A perda de poboación e o seu avellentamento é unha das características demográficas de Galiza nos últimas décadas, apenas freada levemente na primeira década deste século grazas ao saldo migratorio positivo que propiciou a fase expansiva da economía; pero unha vez que se deixou de medrar economicamente, que a perda de emprego volveu a ser tónica dominante no mercado de traballo, volveuse á senda anterior, e desde o ano 2010, estase perdendo poboación paulatinamente.

Neste último lustro ao saldo natural negativo sumouse un saldo migratorio negativo, xa que volveu instalarse, e con forza, a emigración no noso país. Foron miles os mozos e mozas galegos que nos últimos anos abandonaron Galiza á procura dunha mellores expectativas laborais; só no último ano -2015- foron preto de 5.000 persoas nadas en Galiza as que pasaron a formar parte do censo exterior.

A esta dinámica, a provincia de Lugo non foi allea, coa agravante de que contaba, xa antes da crise, cunha poboación moi envellecida.

Desde o ano 2008, Galiza, perdeu o 1,8% da súa poboación. Esta porcentaxe duplicouse no caso da provincia de Lugo, xa que, segundo o Padrón de habitantes, a perda de poboación foi do 4,5%, o dobre da media galega.

Lugo perdeu o 4,5% dos seus habitantes desde o ano 2008

En total, son 16.163 habitantes menos na provincia que no ano 2008, pero con importantes diferenzas por idades.

Ao igual que no resto de Galiza, onde se perdeu a maioría da poboación é na franxa de idade que vai desde os 15 aos 35 anos; tamén no caso de Lugo. Así mesmo, rexístrase unha importante perda de poboación entre os 70 e os 80 anos; a partir desta idade medra a poboación.

Habitantes. Provincia de Lugo

	2008	2015	
	Lugo	Lugo	
Total	355.549	339.386	-16.163
0-4	10.620	10.950	330
5-9	10.665	11.326	661
10-14	11.689	11.121	-568
15-19	14.972	11.366	-3.606
20-24	19.067	14.183	-4.884
25-29	23.681	17.242	-6.439
30-34	24.675	21.353	-3.322
35-39	24.431	24.518	87
40-44	25.414	23.996	-1.418
45-49	25.965	25.199	-766
50-54	23.482	25.679	2.197
55-59	21.279	24.137	2.858
60-64	21.078	21.310	232
65-69	19.143	20.583	1.440
70-74	24.222	19.419	-4.803
75-79	22.468	18.474	-3.994
80-84	17.158	18.934	1.776

Fonte: Padrón municipal de habitantes.

Xunto á perda de poboación, o seu avellentamento é outra das características demográficas da poboación luguesa. No ano 2008 a poboación con máis de 65 anos acadaba o 27,7% do total; en 2015 acada o 28,6% preto dun punto porcentual máis (a media de Galiza está no 24%). Pola contra, a poboación con menos de 20 anos representa o 13,2%, e na media galega a porcentaxe acada o 15,7%.

O 28,6% da poboación luguesa ten máis de 65 anos

A perda de poboación ten un efecto directo no mercado de traballo, especialmente cando a redución afecta a estratos da poboación en idade de traballar.

Mercado de traballo

Con respecto a 2008, a poboación con máis de 16 anos, e polo tanto en idade de traballar, descendeu en 15.100 persoas. Maioritariamente, o descenso afectou á poboación inactiva (estudantes, xubilados e xubiladas, amas de casa...); a poboación activa decreceu en 6.000 persoas.

Principais variábeis do mercado de traballo. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2015/2008
Pob máis de 16 anos	313,5	312,7	311,1	309,4	306,8	303,8	300,9	298,4	-15,1
Activos/as	160,9	155,7	161	161,8	158,2	158	154,8	154,9	-6
Poboación ocupada	150,8	141,1	143,6	142,6	132,7	128	125,4	130,2	-20,6
Poboación parada	10,1	14,6	17,4	19,3	25,5	29,9	29,4	24,7	14,6
Inactivos/as	152,6	157	150,2	147,5	148,6	145,8	146,1	143,5	-9,1

Fonte: EPA. INE.

Dos 9.100 inactivos/as menos estimados na provincia, a maioría son persoas xubiladas e pensionistas, mais tamén descende o número de estudantes, así como as persoas dedicadas aos labores da casa.


A evolución da poboación activa caracterizouse por unha caída moi importante da poboación ocupada (20.600 ocupados/as menos) e un medre inferior da poboación parada (14.600 parados/as máis). Son 6.000 as persoas que perden a ocupación, pero non pasan a engrosar as listas de persoas desempregadas. E aínda que non se pode afirmar taxativamente, é un dos indicadores da emigración.

Porén, analicemos máis polo miúdo a poboación activa.

Poboación activa. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Poboación activa	160,9	155,7	161	161,8	158,2	158	154,8	154,9

Fonte: EPA. INE



Hai un primeiro descenso importante no primeiro ano da crise -2009-, logo recupérase e xa desde o ano 2011 comeza o descenso de activos e non se volve recuperar.

En conxunto son 6.000 activos e activas menos, pero se desagregamos a evolución por grupo de idade vese unha realidade aínda máis preocupante.

Poboación activa por grupos de idade. Datos en miles.

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2015/2010
Total	161	161,8	158,2	158	154,8	154,9	-6,1
de 16 a 19 anos	2,7	2,3	1,8	1,2	1,4	1,1	-1,6
de 20 a 24 anos	10	8	8,6	8	6,8	7	-3
de 25 a 29 anos	16	17,2	16,3	15,1	15,7	13,7	-2,3
de 30 a 34 anos	19,6	21,7	19,3	18,4	16,7	17,8	-1,8
de 35 a 39 anos	20,7	20,8	23,2	21,1	20,9	22,3	1,6
de 40 a 44 anos	22,8	23,4	21,2	20,9	21,2	22,1	-0,7
de 45 a 49 anos	24,1	22	21,7	23,4	23,4	21,2	-2,9
de 50 a 54 anos	18,4	20,6	19,4	21,8	21,6	20,3	1,9
de 55 a 59 anos	14,8	14,6	15,8	16,4	16,2	17,7	2,9
de 60 a 64 anos	8,4	9,6	9,5	9,9	9,8	10,3	1,9
de 65 e máis anos	3,4	1,6	1,5	1,7	1,1	1,5	-1,9

Fonte: EPA. INE

Por grupos de idade non se dispón de información anterior ao ano 2010, mais, aínda así, é interesante ver a evolución.

A meirande parte da poboación activa pérdese entre a xente máis nova. Así, entre os menores de 35 anos perdeuse poboación activa en todos os grupos de idade, mesmo no último ano, onde se freou a tendencia, xa que rematou o ano con 100 activos/as máis que no ano 2014; entre os menores de 35 anos continuou o descenso.

Desde o ano 2010 reduciuse o número de persoas activas de menos de 35 anos un 18%

Non é un único factor o que explica este proceso, pero sen dúbida a emigración é un deles. Mozos e mozas que, ante a falla de oportunidades laborais, abandonan a provincia á procura dun posto de traballo.

Os efectos perversos da emigración van máis alá da perda de activos/as. Ao ser xente moza a que emigra as consecuencias sobre a natalidade son directos, o que agrava o problema demográfico da provincia a medio prazo.

A pesar de perder activos/as, ao ser a perda de poboación maior, a taxa de actividade non diminuíu; máis ben ao contrario, incrementouse en medio punto na provincia.

Taxa de actividade segundo sexo.

	Total			Homes			Mulleres		
	2008	2014	2015	2008	2014	2015	2008	2014	2015
Galiza	54,8	53,8	53,5	63,2	59	58,6	47	49	48,7
Lugo	51,3	51,4	51,9	58,8	55,8	56,3	44,3	47,3	47,8

Fonte: EPA. INE

De media en Galiza, a taxa de actividade descendeu 1,3 puntos porcentuais debido á forte caída da masculina -entre as mulleres medrou-. En Lugo, o descenso non foi tan acusado no caso dos homes,e entre as mulleres aumentou en tres puntos e medio.


Na medida que ía descendendo a ocupación entre os homes, medraba a taxa de actividade entre as mulleres; outra cousa é que atopasen ou non un emprego. Moitas mulleres, que estaban fóra do mercado laboral, ao perder a parella o posto de traballo, saen á procura dun emprego. Porén, a maioría non o atopa.

Poboación ocupada.

Poboación ocupada. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Poboación ocupada	150,8	141,1	143,6	142,6	132,7	128	125,4	130,2

Fonte: EPA. INE



Desde o ano 2008, en que comezou a destrución de emprego derivada da crise económica, na provincia de Lugo perdéronse 20.400 postos de traballo. A maior destrución produciuse desde o ano 2011, e só no último ano -2015- se recuperou lixeiramente a ocupación, cun incremento de preto de 5.000 ocupados/as.

20.400 persoas ocupadas menos desde o inicio da crise

En termos porcentuais, neste período, a provincia de Lugo perdeu un 13,6% da ocupación, lixeiramente por debaixo da media galega, que estivo no 15,3%.

Estas diferenzas reflíctense na taxa de ocupación.

Taxa de ocupación.

Total	Homes			Mulleres					
	2008	2014	2015	2008	2014	2015	2008	2014	2015
Galiza	50	42,1	43,1	58,5	46,2	47,7	42,2	38,4	39
Lugo	48,1	41,7	43,6	56,1	45,7	47,7	40,6	37,9	39,8

Fonte: EPA. INE

Lugo partía, antes da crise, dunhas ratios inferiores á media galega. A menor afectación, en termos de perda de emprego, da crise neste período situou a provincia nuns valores moi semellantes, en taxas de ocupación, á media galega. Porén, non debemos esquecer que esta equiparación non se produce polo mellora dos indicadores na provincia, senón polo empeoramento dos índices na media de Galiza.

A caída da taxa de ocupación foi moi superior entre os homes; entre as mulleres, e no caso concreto da provincia de Lugo, practicamente se mantivo.

A destrución de emprego non danou igual a todos os sectores, e ao igual que a nivel global, a traxectoria é diferente a nivel sectorial.

Ocupados/as segundo sector económico. Datos en miles.

	2008	2014	2015	Variación	
	Lugo	Lugo	Lugo	Absoluta	Porcentual
Total	150,8	125,4	130,2	-20,6	-13,7
Agricultura e pesca	27,4	21,9	19,1	-8,3	-30,3
Industria	21,9	12,7	13,9	-8	-36,5
Construción	17	6,7	9,9	-7,1	-41,8
Servizos	84,5	84	87,4	2,9	3,4

Fonte: EPA. INE

Aínda que porcentualmente o sector que máis empregos perdeu durante a crise foi a construción, en termos absolutos, foi o sector primario o máis prexudicado, con 8.300 ocupados/as menos. Logo está o sector industrial -8.000 menos- e, por último, o sector da construción, onde a ocupación descendeu en 7.100 persoas.

A maior perda de empregos produciuse no sector primario

No sector servizos estímase 2.900 empregados e empregadas máis que no ano 2008. O incremento do emprego produciuse no último ano.

O grave perda de emprego do sector primario na provincia de Lugo ten consecuencias máis alá do estritamente laboral, xa que na maioría dos casos a perda dun posto de traballo vai unido ao peche dunha explotación agraria; esta, ao peche dunha casa, unha casa ao dunha aldea...e así, aos poucos, vai desertizándose o rural.

Pérdese ocupación directa nun sector moi importante, pero as consecuencias indirectas da desfeita deste van máis alá. As vilas, que eran sobre todo espazos de servizos para o sector primario, van perdendo importancia, emprego e poboación; é dicir, non só se perden empregos directos no sector primario e se desertiza o rural, senón que todo o enramado ligado directamente ao primeiro se ve igualmente afectado.

A caída do emprego foi desigual por sectores, pero tamén por idade, sexo, tipo de xornada.... Para estas variábeis non hai datos máis alá do terceiro trimestre do ano 2009, co que se perde a perspectiva total do período, pero aínda así, son importantes porque permiten ver as mudanzas que se produciron no mundo do traballo.

Ocupados/as segundo grupo de idade. Lugo

	Total			Variación 2015/2009	
	2009/III	2014	2015	Absoluta	Relativa
Total	144,5	125,4	130,2	-14,3	-9,9
de 16 a 19 anos	2,3	0,7	0,7	-1,6	-69,6
de 20 a 24 anos	9,4	3,9	4,3	-5,1	-54,3
de 25 a 29 anos	13,6	11,2	10,1	-3,5	-25,7
de 30 a 34 anos	18,7	13,1	14,8	-3,9	-20,9
de 35 a 39 anos	19	16,9	19,4	0,4	2,1
de 40 a 44 anos	19,7	17,7	18,1	-1,6	-8,1
de 45 a 49 anos	21,5	19,7	18,2	-3,3	-15,3
de 50 a 54 anos	15,3	18	18,5	3,2	20,9
de 55 a 59 anos	14,7	14,4	15,8	1,1	7,5
de 60 a 64 anos	7,6	8,6	8,8	1,2	15,8
de 65 e máis anos	2,6	1,1	1,5	-1,1	-42,3

Fonte: EPA. INE

A perda de emprego afectou maioritariamente a poboación máis nova, con menos de 35 anos, entre os que se reduciu o emprego un 32%.

É desmoralizante ver, ano tras ano, como se vai reducindo a mocidade con emprego. A finais de 2009 as persoas menores de 35 anos representaban o 30,4% dos ocupados/as en Lugo. No ano 2015, apenas o 22,9%.

Entre os menores de 35 ano reduciuse o emprego un 32%

Perde emprego a mocidade, pérdense empregos a xornada completa

Ocupados/as segundo tipo de xornada.

	2009/III	2014	2015	Variación 2015/2009
	Lugo			
Total	144,5	125,4	130,2	-14,3
Completa	129,7	109,9	113,8	-15,9
Parcial	14,7	15,5	16,4	1,7

Fonte: EPA. INE

Todo o emprego que se destruíu durante este período se correspondía con traballo a xornada completa; pola contra, os empregos de xornadas parciais aumentaron.

Así, se no ano 2009, só o 10% dos emprego tiñan unha xornada inferior ás 8 horas, un lustro despois, son un 12,6% os traballadores e traballadoras que dispoñen deste tipo de xornada.

Reducíronse nun 12,2% as persoas ocupadas a xornada completa e medraron un 11% as ocupadas a xornada parcial


Ao mesmo tempo que se reducía o emprego e as xornadas dos traballadores/as, estivo aumentando fortemente o número de contratos rexistrados nas oficinas do SEPE, tanto en Galiza como na provincia de Lugo.

Se temos menos traballadores/as e hai máis contratos, loxicamente tivo que medrar a rotación dos empregos e reducirse as horas traballadas; e así nolo demostran os datos seguintes.

Contratos segundo modalidade de contratación

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total de contratos rexistrados	74.748	66.622	63.355	64.640	70.101	74.544	87.672	97.340
Indefinidos	11157	9047	8394	7520	10537	7056	7893	8195
Temporais	63591	57575	54961	57120	59564	67488	79779	89145
% de temporais	85,1	86,4	86,8	88,4	85,0	90,5	91,0	91,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Só se reduciron os contratos rexistrados na provincia de Lugo nos dous primeiros anos da crise. A partir de aí, e a pesar de caer fortemente a ocupación, o número de contratos comezou a incrementarse, ata no ano 2015 acadar un máximo histórico. Foron 97.340 os contratos rexistrados ao longo do ano nesta provincia.

Malia a caída da ocupación o número de contratos medrou un 31%

Non é o incremento do emprego o que xustifica este elevado nivel de contratación, senón -como dixemos anteriormente- a forte rotación do emprego e a escasa duración dos contratos.

No ano 2015, de media estímase que foron 21.200 as persoas asalariadas con contrato temporal, que repartiron os 89.145 contratos rexistrados baixo algunha das modalidades de contratación temporal, o que nos dá unha media de 4,2 contratos por asalariado con contrato temporal.

En 2015. O 91,6% dos contratos foron rexistrados baixo algunha das modalidades de contratación temporal, 6,5 puntos máis que no ano 2008 cando os contratos temporais eran o 85,1% do total.

O gráfico ofrécenos unha visión moi clara tanto do peso dos contratos temporais, como da variación no período. Nos primeiros anos da crise reducíronse os contratos temporais, como primeira medida ao frearse a actividade económica. Despois do ano 2011, e sen que se incremente o número de persoas ocupadas, prodúcese un incremento progresivo da contratación temporal; isto agocha unha forte rotación do emprego e unha escasa duración dos contratos. Os datos do seguinte cadro así nolo indican.

Non só son maioritariamente temporais, senón, o que é máis grave, son de moi escasa duración.

Contratos iniciais segundo duración do contrato. Lugo.

				% total	
	2014	2015	Variación	2014	2015
Total	81.085	89.792	8.707	100,0	100,0
Indefinidos	5.040	5.207	167	6,2	5,8
Temporais	76.045	84.585	8.540	93,8	94,2
Menos de 1 semana	27.236	30.361	3.125	33,6	33,8
De 1 semana a 1 mes	8.361	9.214	853	10,3	10,3
De 1 a 6 meses	14.988	16.900	1.912	18,5	18,8
De 6 meses a 1 ano	2.852	3.404	552	3,5	3,8
Máis de 1 ano	395	310	- 85	0,5	0,3
Indeterminado	22.213	24.396	2.183	27,4	27,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Dos contratos iniciais, no ano 2015, o 94,2% foron de carácter temporal, ou o que é o mesmo, apenas o 5,8% son de carácter indefinido. O ano anterior foran o 6,2%.

Pero aínda máis grave é que o 33,8% do total tiveron unha duración inferior á semana. Se engadimos os que duraron entre 1 semana e 1 mes, vemos que o 44,1% non acadaron o mes de duración, porcentaxe lixeiramente superior ao do ano 2014.

0 33,8% dos contratos rexistrados duraron menos dunha semana no ano 2015

Así, os contratos de menos dunha semana son os maioritarios dos rexistrados en Lugo nos últimos anos; sen ter en conta os indeterminados, que como o seu propio nome indica, non se sabe a priori a súa duración. Son contratos ligados ás modalidades de por obra ou servizo determinado, e en moitos casos a súa duración poderíase incluír no grupo anterior.

En calquera caso, foron máis de 30.000 os que duraron menos dunha semana, cifra o suficientemente relevante para definir a precarización e dualización que se está instalando no mercado de traballo.

Loxicamente, este tipo de contratos levan parellos uns ingresos mínimos, e así nolo confirman os datos da Axencia Tributaria.

Ingresos procedentes do traballo.

A partir dos datos da Declaración anual de retencións e ingresos a conta sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda (modelo 190), a Axencia Tributaria elabora todos os anos unha estatística sobre os ingresos dos asalariados/as, desempregados/as e pensionistas do Estado español.

É, polo tanto, unha base moi exhaustiva de información. Trátase, ademais, dunha declaración que non posúe ningún suposto de exención da obriga de declarar. Así todas as entidades -incluídas administracións públicas- que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego están obrigadas a presentar o modelo, con independencia da personalidade, a actividade, a dimensión ou o carácter público ou privado destas, polo que a información é exhaustiva e moi detallada.

Os datos de asalariados/as preséntanse desagregados por tramos de ingresos en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI en diante), e para cada tramo, os número de asalariados/as así como o Salario Medio (SM en diante) de cada tramo.

Os últimos datos dispoñíbeis corresponden ao exercicio fiscal 2014. No caso de salario trátase de salario bruto, é dicir, antes de descontar ningunha retención.

Asalariados/as e salario medio segundo tramos.

LUGO	2009			2014			Variación 2014/2009	
Tramos de salario	Asalariados/as	Salario Anual	Medio	Asalariados/as	Salario Anual	Medio	Asalariados/as	Salario Anual
Total	125.462	17.275		112.718	16.724		-12.744	-55
De 0 a 0,5 SMI	17.918	1.970		20.863	1.904		2.945	-66
De 0,5 a 1 SMI	15.255	6.627		14.569	6.794		-686	167
De 1 a 1,5 SMI	20.326	11.069		16.295	11.451		-4.031	382
De 1,5 a 2 SMI	26.241	15.136		20.994	15.831		-5.247	695
De 2 a 2,5 SMI	13.442	19.507		12.281	20.155		-1.161	648
De 2,5 a 3 SMI	8.462	23.806		7.676	24.715		-786	909
De 3 a 3,5 SMI	6.361	28.384		6.295	29.246		-66	862
De 3,5 a 4 SMI	4.732	32.578		4.207	33.778		-525	1.2
De 4 a 4,5 SMI	3.973	37.131		3.663	38.217		-310	1.0
De 4,5 a 5 SMI	3.361	41.308		1.831	42.649		-1.530	1.3
De 5 a 7,5 SMI	4.029	51.025		3.105	53.504		-924	2.4
De 7,5 a 10 SMI	945	74.215		712	76.233		-233	2.0
Más de 10 SMI	417	118.245		227	113.569		-190	-4.6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

Lugo partía, ao principio da crise, de 125.462 asalariados e asalariadas declarantes de ingresos á Axencia tributaria, cuxo salario medio anual alcanzaba os 17.275 euros brutos ao ano. Un lustro despois, e logo da perda de 12.744 declarantes, o Salario Medio anual descendeu a 16.724€ brutos ao ano, 551 euros menos.


O ingreso salarial medio descendeu un 3,1% desde o ano 2008

Non só se perderon un 10% dos asalariados, senón que o salario medio tamén descendeu un 3,1%.

Na media de Galiza a tendencia foi semellante. O número de declarantes de ingresos salariais descendeu un 11,3% -máis que en Lugo-. Porén, o salario medio descendeu menos que na provincia lucense, un 2,6%.

Pero máis grave é aínda ao desagregar por tramos de ingresos, e constatar onde o desastre foi maior. O gráfico é ben ilustrativo.

Gráfico: Variación de persoal asalariado e do salario medio .



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

Hai dúas conclusión moi claras:

- Reducíronse os asalariados e asalariadas en todos os grupos de idade, agás no colectivo con ingresos inferiores á metade do SMI, no cal hai 2.945 asalariados/as máis que no ano 2009.
- Aumentou o salario en todos os tramos de ingresos menos no primeiro (menos da metade do SMI), no cal descendeu en 66 euros ao ano, e no de maiores ingresos, con ingresos superiores a 10 veces o SMI. Un 3% en cada un dos casos.

Con esta evolución, o grupo de persoas asalariadas con ingresos inferiores á metade do SMI converteuse no máis numeroso na provincia de Lugo, xa que acolle o 18,5% de todos os asalariados/as. No ano 2009 este grupo representaba o 14,3%. O salario medio deste grupo foi de 1.904 euros bruto ao ano.

Se descendemos na táboa, e temos en conta ademais os que percibiron ingresos entre a metade e o SMI -un 12,9% do total-, temos que o 31,4% dos traballadores/as por conta allea en Lugo durante o ano 2014 acadaron uns ingresos de, como máximo, o SMI.

O 18,5% das persoas asalariados non acadaron os 1.900 euros ao ano

Tamén se extrae dos datos que o 65% dos lugueses e luguesas con ingresos procedentes do traballo non acadaron o salario medio (16.724 euros) da provincia no ano 2014.

O 31,4% das persoas asalariadas da provincia de Lugo tiveron uns ingresos inferiores ao SMI

Como vemos, as desigualdades de renda aumentaron de forma moi marcada neste período, ao que hai que sumar o aumento das desigualdades dentro das rendas do traballo, que como vimos anteriormente medraron de forma exponencial.


Resta por falar da poboación activa que está sen traballo.

Poboación parada.

Poboación parada. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Poboación parada	10,1	14,6	17,4	19,3	25,5	29,9	29,4	24,7

Fonte: EPA. INE



Logo do descenso da poboación desempregada nos dous últimos anos, hai un 146% máis de desempregados/as que o inicio da crise.

A poboación parada medrou un 146% desde o inicio da crise

O pico máis alto de persoas desempregadas rexistrouse no ano 2013, onde se multiplicou por tres o paro con respecto ao ano 2008.

A taxa de paro tamén medrou exponencialmente.

Taxa de paro segundo sexo.

	2008	2014	2015
Total	6,3	19	16
Homes	4,7	18,2	15,2
Mulleres	8,3	19,9	16,8

Fonte: EPA. INE

De media, no ano 2015 foi 10 puntos superior ao ano 2008.

Ao igual que na media de Galiza, produciuse unha aproximación entre a taxa de paro masculina e feminina (no ano 2008 a feminina practicamente duplicaba a masculina), mais non pola redución da primeira, senón polo maior medre da segunda. Ao afectar a crise maioritariamente a sectores máis masculinizados, foi

entre os homes onde máis medrou o desemprego. Hoxe están practicamente ao mesmo nivel que o feminino.

O que si é de salientar é o feito de que máis do 42% das persoas que se sumaron ao desemprego neste período teñen máis de 45 anos .

Non só medrou o desemprego, senón que aumentou moito a permanencia nesta situación.

Parados/as segundo tempo a procura de emprego

Total			
	2009/IV	2014	2015
Total	15,9	29,4	24,7
Menos de 1 mes	0,7	1,2	0,6
De 1 a < 3 meses	2,7	2,4	2,4
De 3 a < 6 meses	3,3	2,8	2,3
De 6 meses a < 1 ano	3,3	4	3,5
De 1 ano a < 1 ano e medio	1,7	2,8	2,3
De 1 ano e medio a < 2 anos	1,2	3,5	2
Dous ou mais anos	2,3	10,8	10
Xa atopou traballo	0,9	1,8	1,5

Fonte: EPA. INE

A finais do ano 2009, considerábanse parados/as de longa duración –con máis de 2 anos no desemprego-, o 22% dos parados/as estimados na provincia de Lugo. A finais de 2015, esta porcentaxe alcanza preto do 50% dos desempregados e desempregadas, concretamente o 48,5%.

O 48,5% das persoas paradas levan máis de dous anos desempregadas

Permanecer longo tempo no desemprego implica non ter dereito á prestación contributiva; como moito, a un subsidio, coa conseguinte redución de ingresos.

Beneficiarios/as de prestacións por desemprego.

	TOTAL	Prestación	Subsidio	RAI	Pr. Activación emprego	Desempregados/as	% parados con prestació
2008	9.293	5230	3475	555		15.512	59,9
2014	14.235	6807	6133	1295		25.443	55,9
2015	11.857	5141	5430	1192	94	22.894	51,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

No só diminuíu a porcentaxe total de persoas paradas que perciben algún tipo de prestación por desemprego, un 59,9% no ano 2008 fronte a un 51,8% en 2015, senón que agora son maioría as que perciben o subsidio fronte á prestación contributiva.

No ano 2008, preto do 60% das persoas paradas percibían algunha prestación por desemprego, das cales o 56% recibían a prestación contributiva.

En 2015, con moitos máis persoas paradas con dereito a prestación, só o 51,8% perciben algunha prestación, e destas a contributiva apenas o 43%. Polo tanto, son maioría as que perciben o subsidio.

Pensionistas

Xunto ás persoas perceptoras das prestación por desemprego, están os/as pensionistas, tanto de pensións contributivas como non contributivas, como receptoras dalgunha prestación pública.

Pensión contributivas e importe medio.

	Número			Importe medio (euros)		
	2008	2014	2015	2008	2014	2015
Lugo						
Total	121.586	119.734	118.736	541,23	655,91	668,51
Incapacidade permanente	9.286	10.188	10.337	659,28	805,19	811,51
Xubilación	79.071	75.785	74.940	597,95	730,42	746,43
Viuvez	29.896	29.900	29.589	378,91	452,6	459,04
Orfandade	2.631	3.098	3.094	310,92	357,55	361,26
Favor familiares	702	763	776	367,46	440,73	450,41

Fonte: IGE.

A finais de 2015, había na provincia de Lugo 118.736 persoas cobrando algunha prestación contributiva; a maioría de xubilación, concretamente o 63%.

Con respecto a 2008, descendeu o número de pensionistas na provincia, probabelmente debido ao avellentamento da poboación, xa que foi nas de xubilación onde se produciu.

O importe medio das pensións aumentou ata acadar os 668,51 euros. Este incremento é producido polo efecto substitución, é dicir, os/as pensionistas que saen do sistema (por morte) tiñan unhas pensións moi baixas, e os/as que entran teñen pensións maiores, polo que a media medra.

Pero o máis impactante é a evolución das persoas perceptoras das pensións non contributivas.

No cadro seguinte aparecen os/as perceptores destas, non só en Lugo, senón tamén na media de Galiza.

Pensións non contributivas.

Galiza			Lugo	
	2008	2014	2008	2014
Pensións contributivas	49.421	42.732	5.815	5.018
Seguridade Social				
LISMI	2.074	750	119	64
FAS	55	12	8	3
RISGA	4.350	9.175	405	1.169
AES	2.172	2.814	323	519

Fonte: IGE.

Os/As pensionistas das non contributivas da seguridade social (as que perciben os traballadores e traballadoras unha vez acadada a idade de xubilación e non teñen dereito a unha contributiva) descendieron neste período dado que aumentaron as contributiva. O grave é a evolución das restantes non contributivas, especialmente da RISGA.

As persoas perceptoras da RISGA (Renda de Inclusión Social de Galiza) medraron un 188,6% neste período. De media, en Galiza, o incremento foi do 110,9%, o que pon de manifesto o incremento das persoas con necesidades extremas na provincia, superior á media de Galiza.

Tamén os/as perceptores/as da AES (Axuda de Emerxencia Social) medraron un 60%. Na media galega o medre foi do 29,6%.

O forte medre destas dúas axudas evidencian o importante incremento de persoas en risco de exclusión, moi superior á media galega.

Tecido produtivo

O descenso do número de traballadores/as estivo acompañado dunha forte redución do tecido produtivo da provincia. O número de empresas con actividade na mesma descendeu un 4,8%, o que equivale a 1.236 empresas menos.

Empresas con actividade na provincia de Lugo segundo número de asalariados/as.

	2008	2014	Variación	
	Lugo	Lugo	Absoluta	Porcentual
Todos	25.918	24.682	-1.236	-4,8
sen asalariados/as	15.197	15.407	210	1,4
de 1 a 2 asalariados/as	5.990	5.642	-348	-5,8
de 3 a 5 asalariados/as	2.608	2.089	-519	-19,9
de 6 a 9 asalariados/as	1.007	802	-205	-20,4
de 10 a 19 asalariados/as	666	450	-216	-32,4
de 20 a 49 asalariados/as	352	222	-130	-36,9
de 50 a 99 asalariados/as	67	46	-21	-31,3
de 100 a 249 asalariados/as	27	19	-8	-29,6
de 250 ou máis asalariados/as	4	5	1	25,0

IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

O directorio de empresas non ten en conta as empresas do sector primario nin as administración públicas. O resultado sería outro se estes se tivesen en conta, especialmente nunha provincia como a de Lugo, con peso importante do sector primario.

No ano 2014, hai rexistradas en Galiza 44.195 empresas relacionadas co sector primario, mais non sabemos cantas delas teñen a súa sede na provincia de Lugo.

Con esta excepción, Lugo acolleu no ano 2014 só 12,1% das empresas rexistradas en todo Galiza. Son poucas e pequenas, co engadido de que neste período último se agravou a atomización do tecido produtivo, xa que practicamente soamente medrou o número de empresas sen asalariados/as -210

empresas máis-. No resto, descendeu salvo 1 máis con máis de 250 traballadores/as, pero so hai 5 deste tamaño.

Así, o 62,4% de todas as empresas da provincia non teñen asalariados/as no ano 2014. No ano 2008 esta porcentaxe era do 58,6%. Se engadimos as que teñen unha única persoa asalariada, alcánzanse o 85,3% de todas as empresas.

A distribución por ramas de actividade tamén reflicte unha forte concentración.

Empresas segundo actividade .

	2008	2014	Variación 2014/2008		% total	
Lugo			Absoluta	Relativa	2008,0	2014,0
Todos	25.825	24.612	-1.213	-4,7	99,6	99,7
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	93	70	-23	-24,7	0,4	0,3
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	1.892	1.711	-181	-9,6	7,3	6,9
FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS...	76	108	32	42,1	0,3	0,4
FORNECEMENTO DE AUGA, SANEAMENTO...	22	21	-1	-4,5	0,1	0,1
CONSTRUCCIÓN	4.765	4.095	-670	-14,1	18,4	16,6
COMERCIO POR XUNTO; REP VEHÍCULOS DE MOTOR	7.224	6.705	-519	-7,2	27,9	27,2
TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	2.169	1.905	-264	-12,2	8,4	7,7
HOSTALARÍA	2.870	2.760	-110	-3,8	11,1	11,2
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	133	165	32	24,1	0,5	0,7
ACT FINANCEIRAS E DE SEGUROS	457	508	51	11,2	1,8	2,1
ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	363	543	180	49,6	1,4	2,2
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	2.374	2.304	-70	-2,9	9,2	9,3
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS	726	602	-124	-17,1	2,8	2,4
EDUCACIÓN	419	603	184	43,9	1,6	2,4
ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SER SOCIAIS	741	829	88	11,9	2,9	3,4
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	411	485	74	18,0	1,6	2,0
OUTROS SERVIZOS	1.183	1.268	85	7,2	4,6	5,1

IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Entre construción, comercio polo miúdo e hostalaría albergan o 54,6% das empresas da provincia. Antes da crise, no ano 2008 eran o 57,4% do total.

Despois destas tres actividades, salienta transporte e actividades profesionais; o resto están moi dispersas.

Durante este período, e dentro das actividades máis destacadas, foi a construción a máis afectada pola crise; destruíronse 670 empresas, o que equivale ao 14,1% destas.

No comercio por xunto e talleres de reparación, perdéronse 519 empresas, un 7,2% das existentes ao inicio do período; aínda así, continúa sendo a rama que alberga o maior número de sociedades, concretamente o 27,2% do total.

En resumo, a crise non só expulsou da provincia unha importante cantidade de persoas novas, que agravou o problema demográfico xa existente en Lugo, senón que se mudaron as condicións de traballo dunha parte importante das persoas ocupadas: aumentaron os traballadores/as con xornadas parciais, a duración dos contratos cada vez é menor, ata converterse os de menos dunha semana nos máis numerosos..., cos conseguintes efectos adversos sobre os ingresos salariais da clase traballadora. Máis do 18% das persoas asalariadas non acadaron a metade do SMI no ano 2014, o que significa menos de 1.904 euros brutos ao ano.

Co engadido de que non só hai máis persoas paradas, senón que estas levan moito tempo nesta situación, o que as deixa fóra de cobrar a prestación contributiva, e como moito poden acceder a un subsidio que malamente lles permite sobrevivir.

Así mesmo, aumentou fortemente o número de persoas en risco de exclusión social, medido tanto a través dos perceptores da RISGA, como dos da Axuda de Emerxencia.

O tecido produtivo tamén se viu seriamente afectado; menos empresas e máis pequenas é a consecuencia máis evidente desta etapa.

Vigo, 20 de abril de 2016

Natividad López Gromaz

